

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández do 02/05/1969**

**Colección:**

**Data:** 02/05/1969

**De:**

Luis Bouza-Brey;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Calvo Sotelo, 14-1º (de enderezo), Vilagarcía de Arousa (municipal), O Salnés (comarcal)

**Destino:**

María de Guzmán, 54-4º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita con sinatura autógrafa, con membrete profesional: ABOGADO].



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## Transcrición da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández do 02/05/1969

ABOGADO  
LUIS BOUZA-BREY TRILLO  
VILLAGARCÍA DE AROSA

CALVO SOTELO, 14-1º  
TELÉFONO: 139

2 - maio - 69

Sr. D. Luis Tobío Fdez.  
Madrid.

Meu benquerido e recordado amigo:

Non sabes ti ben con que ledicia recibo a tua en canto me di que pensar vir eiqui este verán! Son tantos anos de distancia —41— a que nos alongou da proximidade universitaria, e física, dende logo, que tal cousa será para min como unha retrocesión no tempo pasado e unha rememoranza, mais viva contigo que con ninguén, polo que ti representabas para nos de aquela, como monitor de estudos e de arelas. Ti, vivo e Magariños, morto, sodes as dúas benquerencias que eu teño de aqueles tempos idos. O demais do tempo, seica a chegada dos mesmos fillos, pasouse un pouco en solitario: na soedade e na saudade, agás soneiras disertacións temporeiras e caducas. Hoxe, vellos, desordeados, apadomados.. e excepticos, veremos, meu Luis, como somos. Que Deus nos acorda!

Ben, estiven buscando e procurando cumprir a túa encárraga. Esta vila é bonita, máis non ten hoteles. Somentemente encontrei "algo" que te pode servir e se pode arranxar conforme as tuas instrucións: é no Hotel Carballines. Consiste nun apartamento, con baño, que ten unha habitación matrimonial e outra parella, individual. Seica podo conseguir que a cama matrimonial se troque por dúas individuais e entón queda todo arranxado ao teu gusto. Adxunto un croquis. O demais que vin non serve para vos.

Precios: Non teñen aínda a certeza do precio das habitacións que lles ha de marcar turismo nestes días, pero adiantanme que a pension completa pra vol-os tres, nas dúas habitacións parellas, pode ser, mais ou menos, de 822 pts. diarias; e teredes a facilidade de comer no Hotel, ou no restaurante da Plaia das Sinas, pois tamén é deles. Si en principio te satisface, dimo, eu concretarei dentro de tres ou catro días. Deica entón.

Unha fortísima aperta Luís [sinatura autógrafa]

[ANEXO: Debuxo da planta do hotel e o texto:]

Hotel de 2ª (penso) as habitacións limpas, a comida boa, o servicio bo, o baño do trinque, o comedor elegante no piso paixo.

Podo conseguir —espero— que a cama indovidual pase pra habitación matrimonial e se lle aparelle outra igual.

E a cama matrimonial pase pra a habitación individual. Esta sería a da vosa filla e aquelas serían pra vos.

O baño dá pra vosa habitación, que ten balcon á rua. A habitación da nena ten xanela a patio. As dúas habitacións están xuntas, a carón unha da outra, e separadas do resto do edificio por unha porta que pecha o voso corredor particular. Na habitación matrimonial non caben as tres camas a xeito.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.